

O â€œ post-chavismoâ€œ ante un novo equilibrio hemisférico

Description

A pesar de conservar unha notoria hexemonía dentro do escenario venezolano, o â€œ post-chavismoâ€œ e a presidencia de Nicolás Maduro asumen a complexidade dun momento politicamente contrariado, en particular ante os cambios nos equilibrios hemisféricos determinados pola apertura diplomática entre EUA e Cuba. A pesar de contar cun tĂ©cico apoio por parte dos organismos hemisféricos (UNASUR, CELAC, ALBA), o goberno venezolano debe afrontar un panorama contextualizado polas dificultades da crise socioeconómica e das cada vez mais intensas presións exteriores, derivadas principalmente das acusacións contra Caracas de presunta corrupción e represión política contra líderes opositores. Estas variables influirán nun horizonte electoral 2015 traducido nas celebracións de comicios legislativos, definidas practicamente en ton plebiscitario sobre a xestión dun Maduro cuxo apoio político depende decisivamente da Forza Armada Nacional Bolivariana (FANB) e dos sectores populares.

A pesar de conservar unha notoria hexemonía dentro do escenario venezolano, o â€œ post-chavismoâ€œ e a presidencia de Nicolás Maduro asumen a complexidade dun momento politicamente contrariado, en particular ante os cambios nos equilibrios hemisféricos determinados pola apertura diplomática entre EUA e Cuba. A pesar de contar cun tĂ©cico apoio por parte dos organismos hemisféricos (UNASUR, CELAC, ALBA), o goberno venezolano debe afrontar un panorama contextualizado polas dificultades da crise socioeconómica e das cada vez mais intensas presións exteriores, derivadas principalmente das acusacións contra Caracas de presunta corrupción e represión política contra líderes opositores. Estas variables influirán nun horizonte electoral 2015 traducido nas celebracións de comicios legislativos, definidas practicamente en ton plebiscitario sobre a xestión dun Maduro cuxo apoio político depende decisivamente da Forza Armada Nacional Bolivariana (FANB) e dos sectores populares.

De cara Ă¡ celebración a partir do 11 de abril en Panamá do VII Cumio das Américas, a crise venezolana intensifica a perspectiva de converterse na â€œ pedra no zapatoâ€œ a nivel hemisférico, toda vez a rexión estĂ¡ pendente da histórica apertura entre EUA e Cuba iniciada en decembro pasado, e que esperaba fraguarse neste encontro.

A cada vez mais intensa polarización hemisférica sobre a crise venezolana aprĂ©stase como un *fait accompli* inevitable. Desde xaneiro pasado, unha sucesión de acontecementos ten desequilibrado substancialmente o contexto político venezolano, particularmente determinado pola incidencia de factores externos, enfocados na perspectiva de alterar os resortes de condución dun â€œ post-chavismoâ€œ liderado polo presidente Nicolás Maduro que, paralelamente, vese motorizado polos distintos equilibrios que debe realizar a través dunha especie de *troika* colexiada entre diversos sectores enrocados nas cúpulas do poder.

Entre eles destacan visiblemente o papel decisivo da Forza Armada Nacional Bolivariana (FANB), o peso estratégico dos sectores políticos, burocráticos, militares e empresariais controlados por Diosdado Cabello, presidente do poder legislativo, e a persistencia de diversos colectivos sociais enraizados no que se pode denominar como â€œ o chavismo popular de baseâ€œ.

A presión exterior

Esta sucesión de acontecementos, internos e externos, abordan unha perspectiva de eventual radicalización da crise venezolana. Neste sentido, resultaba evidente que o contexto venezolano verĂ©ase influĂ©do decisivamente polo anuncio simultáneo realizado en decembro entre os presidentes estadounidense Barack Obama e o cubano Raúl Castro de iniciar unha apertura diplomática, que espera verse consolidada no prĂ©ximo Cumio das Américas.

Un mes despois deste anuncio, un ex membro da seguridade do goberno venezolano, o capitán Leamsy Salazar, desertou a EUA para revelar presuntos casos de corrupción e conexións co narcotráfico por parte de Diosdado Cabello e altos mandos militares. Paralelamente, na Arxentina sacudida polo misterioso caso Nisman comezaba a fraguarse unha matriz de acusación na que presuntamente implicaba ao goberno do desaparecido ex presidente Hugo Chávez cunha aparente conexión iraniana e co goberno de Cristina Fernández de Kirchner para obstaculizar as investigacións sobre os atentados contra a asociación xudicial AMIA en 1994 a cambio de subministro enerxético.

A sucesión de acontecementos intensificouse co paso das semanas. Mentres en España medraban informacións de presuntas conexións do caso *chavismo* co partido progresista PODEMOS, o goberno de Maduro ordenou a comezos de febreiro a detención do alcalde metropolitano de Caracas, Antonio Ledezma, baixo acusacións de presunta conspiración golpista.

Co tamén ex alcalde Leopoldo López en prisión desde febreiro de 2014, a detención de Ledezma derivou nunha maior presión internacional, fortalecida coa publicación de informes por parte de Amnistía Internacional e Human Rights Watch, acusando ao goberno de Maduro de aplicar políticas de represión e de violación dos dereitos humanos contra opositores. Así, os temores de inestabilidade venezolana e a súa eventual irradiación hemisférica provocaron inéditas declaracións, incluso por parte de aliados do caso *chavismo*, como foi o caso do ex presidente uruguaio Pepe Mujica, quen chegou a declarar que temía por un golpe militar de esquerdas contra Maduro.

Este, pola súa banda, e tras realizar unha prolongada xira internacional⁽¹⁾, comezou a mover fichas no taboleiro hemisférico a fin de contrarrestar esta presión exterior. Tras denunciar unha presunta guerra económica contra a revolución, Maduro identificou a existencia dun eixe Bogotá-Madrid-Caracas manexado dende Washington, orientado a crear inestabilidade en Venezuela.

Así, Caracas recibiu unha misión política da UNASUR, con tenues resultados, toda vez se incrementaban as demandas por parte de ex presidentes latinoamericanos⁽²⁾, para atender con urxencia a crise venezolana polo seu risco de expansión rexional. Deste xeito, a polarización hemisférica estaba servida, tomando en conta que uns líderes e ex presidentes criticaban a presunta pasividade dos organismos hemisféricos para crear solucións á crise venezolana, mentres outros gobernos defendían a Maduro ou, simplemente, amosaban unha posición máis distante⁽³⁾.

O factor Obama?

Neste contexto abordouse o suceso máis significativo no relativo ao tratamento exterior sobre a crise venezolana. A comezos de marzo, o anuncio de Obama de sancionar a sete altos funcionarios venezolanos (seis militares e unha xuíz) por presunta corrupción e violacións de dereitos humanos, así como do intrigante, escasamente fundamentado e imprudente anuncio de colocar a Venezuela como unha ameaza inusual e extraordinaria para a política exterior e de seguridade de EUA⁽⁴⁾, colocou á crise venezolana nun rúeiro de contrariedades, complexidades e contradicións.

En chave política interna, as sancións de Washington obsérvanse contraproducentes, xa que lle permiten a Maduro reforzar a súa posición dentro do goberno, da FANB e dos sectores afectos ao caso *chavismo*, particularmente á hora de pechar filas ante o que considera unha agresión e conspiración internacional. Así, Maduro solicitou poderes especiais a través dunha nova lei habilitante, que lle permitiría gobernar por decreto e reforzar o seu poder político.

As sancións de Obama tiveron eco no ofrecemento por parte do ex presidente español Felipe González de asumir a defensa dos casos López e Ledezma, nunha misión igualmente inquietante para Caracas. Como colofón, a publicación da lista Falciani e a caída da Banca Privat d'Andorra e da súa sucursal Banco de Madrid, revelaron presuntos casos de corrupción e branqueo de capitais en paraísos fiscais por parte de altos cargos do caso *chavismo*, principalmente do sector petrolero, empresarial e militar.

Un espello con claroscuras

Coas sancións de Washington no tapete, Maduro activou unha forte mobilización popular coa finalidade de alcanzar dez millóns de asinamentos contra o decreto de Obama, e que o mandatario venezolano espera levar ao cumio de Panamá. Nesta mobilización, Maduro calculou estratéxicamente a consecución dunha matriz de apoio popular, toda vez fortalecida por exercicios militares, evidenciando así o apoio da FANB e da Milicia Bolivariana.

Este panorama confirma en qué medida o *post-chavismo* busca politicamente articularse a fin de preservar a súa hexemonía política e electoral. Con todo, a crise socioeconómica ameaza con erosionar o piso social do *chavismo*, incluso dun dos seus piares básicos, sendo estes os programas sociais.

Un recente estudo elaborado por universidades venezolanas⁽⁵⁾ revelou unha sensible caída no número de venezolanos atendidos polas misións sociais impulsadas polo *chavismo*, sendo esta redución de 19,5% dos atendidos (unhas dúas millóns de persoas) co respecto aos niveis de cinco anos atrás (mais de 2 millóns e medio de beneficiarios). Paralelamente, este estudo considera a existencia dun alto nivel de politización dentro das misións sociais, así como preocupantes problemas na súa xestión e administración.

Paralelamente, existen contrariedades sobre a popularidade de Maduro. A comezos de marzo, a publicación dunha serie de enquisas de opinión pública en Venezuela ilustraron unha complexa situación para o *post-chavismo*: a correlación de simpatizantes do *chavismo* focalizouse en case un 40%, toda vez a popularidade de Maduro recuperou levemente o seu nivel ata alcanzar o 25%⁽⁶⁾. Noutro apartado, a cifra de enquisados que se declararon abertamente como *chavistas* caeu a un 28,5%, o índice mais baixo nunha década.

Paralelamente, os problemas de financiamento derivados da caída dos prezos petroleros (menos de US\$ 50 o barril venezolano) complican a viabilidade de diversos proxectos estratégicos. Por tomar un exemplo: a Gran Misión Vivienda Venezuela avanza con dificultades. Ata o momento construíronse un total de 674.121 vivendas populares⁽⁷⁾, cando a perspectiva é alcanzar mais de catro millóns para o 2019, ano das próximas eleccións presidenciais.

Así, qués perspectivas ofrece actualmente a Venezuela *post-Chávez*? A pesar da súa hexemonía política e electoral, a polarización política segue a ser perceptible na sociedade venezolana, toda vez apréciase un ascenso de opcións radicais, a consolidación dun estilo político autoritario que erosiona o piso institucional e a división de poderes, así como a escaseza de mecanismos de diálogo entre goberno e oposición.

Neste sentido, o *post-chavismo* liderado por Maduro parece haberse permutado nunha especie de burocratismo institucionalizado, con preocupantes síntomas de inercia que incrementan os seus dilemas internos. Paralelamente, a oposición venezolana segue amosando notables síntomas de debilidade e división nos seus liderados e estratexias, sen achegar un proxecto de consenso que poida constituírse nunha alternativa creíble.

Por tanto, o factor decisivo de poder en Venezuela está en mans da FANB, constitucionalmente amparada no cometido de erixirse como un *instrumento de transformación social*⁽⁸⁾, acaparando un poder político tan inedito como predominante, incluso superior ao gobernante PSUV e ás novas estruturas da arquitectura social e política *chavista*, como son os Consellos Comunais⁽⁹⁾ e a Milicia Nacional Bolivariana (MNB).

Crise da política?

A polarización política e a crise socioeconómica recrean un marco de progresivo descontento e incluso de sensación de apatía, afectando non só a consistencia política de Maduro e do *post-chavismo* senón tamén condicionando a aparición de novos liderados, así como de marcos de representación e de participación política, particularmente de cara aos próximos retos electorais.

Os efectos colaterais desta polarización e apatía xa comezan a escapar da tradicional confrontación política e electoral existente entre o *chavismo* e a oposición. A perspectiva ofrece un panorama de maior incerteza e de sensación de ineficacia na xestión pública, condicionando así o debate público ante a aparente inexistencia de liderados convincentes e alternativos.

Con isto, a transición *post-Chávez* define a mais aguda crise estrutural da sociedade venezolana, cuxas repercusións tradúcense nunha marcada sensación cidadá de desgaste e descontento cara o debate político, saturado por anos de constante e abafante confrontación, e cuxas secuelas exercen un efecto preocupante sobre o futuro da calidade política e democrática venezolana.

Se o contexto actual define o momento máis decisivo para un *chavismo* aparentemente orfo dun liderado carismático e enérxico como fora o do desaparecido Chávez, as súas repercusións poden extrapolarse para unha crise venezolana que aumenta a súa intensidade internacional, con preocupantes perspectivas de converterse nun escenario inestable a nivel hemisférico. Se a eventual apertura cubano-estadounidense altera claramente o equilibrio

hemisférico, a crise venezolana dirimirá en qué medida resulta factible a capacidade de resolución de conflitos por parte dos organismos rexionais, así como a súa credibilidade e efectividade á hora de estabilizar un foco de inestabilidade con capacidade de polarización hemisférica.

IGADI, 7 de abril de 2015.

- (1) Entre o 5 e 17 de xaneiro, Maduro visitou China, Rusia, Irán, Portugal, Arabia Saudita, Alxeria e Catar, a fin de conseguir liquidez financeira, investimentos e compromisos para subir os prezos do mercado petrolero.
- (2) Entre eles destacaron o colombiano Andrés Pastrana, o chileno Ricardo Lagos e o brasileiro Fernando Henrique Cardoso.
- (3) O clima de polarización intensificouse co nomeamento, a mediados de marzo, do uruguaio Luis Almagro como novo secretario xeral da OEA. Membro da Fronte Ampla, Almagro é considerado un simpatizante do *chavismo*. O seu nomeamento foi observado desde sectores críticos como un movemento favorable a Maduro.
- (4) O inñadito anuncio de Obama, realizado o pasado 9 de marzo, nun momento no que o seu goberno aceleraba mecanismos de apertura cara dous aliados venezolanos como Cuba e Irán, intensificou a sensación de confusión e de contrariedades sobre unha crise venezolana que xa asumíase como hemisférica dende Washington. A presunta ameaza venezolana contra a seguridade estadounidense resulta escasamente fundamentada, incluso dende o plano militar: por tomar un exemplo, o orzamento venezolano en defensa é inferior ao 1% do de EUA (cfr. «Organismos regionales impotentes», *Informe Semanal de Política Exterior*, N.º 932, 30 de marzo de 2015, p. 7) Outros sectores aducen que detrás do mesmo pode inferirse as conexións de Caracas con actores incómodos para Washington, como Irán, Rusia e China, principalmente nos sectores enerxético e militar. Con todo este anuncio suxire a adopción dunha política máis decisiva por parte de Washington para desequilibrar a crise venezolana, o mesmo pode igualmente implicar unha erosión da credibilidade hemisférica de Obama, gañada subitamente tralo anuncio de apertura con Cuba.
- (5) ESPAÑA, Luis Pedro N. «Encuesta sobre las condiciones de vida. Venezuela 2014. Pobreza y Programas Sociales», *UCAB, USB, LACSO, COMIR, Red de Solidaridad Ciudadana*. Ver en: <http://www.rectorado.usb.ve/vida/sites/default/files/pobreza.pdf>
- (6) «Aprobación de presidente venezolano sube levemente a 25 pct en marzo. Sondeo», *Reuters América Latina*, 24 de marzo de 2015. Ver en: <http://lta.reuters.com/article/topNews/idLTAKBN0MK25K20150324>
- (7) Datos oficiais do Ministerio do Poder Popular para o Ecosocialismo, Hábitat e Vivenda. Ver en: <http://www.mvh.gob.ve/>. No marco das misións sociais, e seguindo co estudo anteriormente citado de Luis Pedro España, a GMVV ocupa o 41% dos recursos gobernamentais destinados a gasto social, razón que explica o seu peso estratégico para o goberno de Maduro.

(8) JIMÉNEZ, Juan Eduardo Romero, ¿Venezuela: disenso político y conflicto en las elecciones 2000?, *Reflexión Política*, Bucaramanga (Colombia), V. 5, Nº 9, pp. 127-147, 2003. Consultado en SUZART de Pádua, Adriana y SUZELEY Kalil, Mathias, ¿Venezuela: Qual Democracia?, *Cadernos PROLAM/USP*, Universidade de São Paulo (Brasil), Año IX, Vol. II, 2010, p. 85. Ver en: http://www.usp.br/prolam/downloads/2010_2_4.pdf

(9) Impulsados polo presidente Chávez desde 2005, os denominados Consellos Comunais pretenden erixirse como as estruturas máis avanzadas do poder popular que, paulatinamente, modifican a arquitectura do poder local e nacional. Estes supoñen un punto estratégico dentro do programa de goberno 2013-2019 inicialmente impulsado por Chávez durante a campaña electoral presidencial de 2012, cuxa continuidade por parte de Maduro focalízase na construción dun Estado Comunal e Socialista para 2019.

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Latinoamérica

ETIQUETAS

crise Venezuela contexto hemisférico

IDIOMA

Galego

Date Created

Abril 7, 2015

Meta Fields

Autoria : 3713

Data publicación : 2015-04-07 00:00:00

Antetítulo : Venezuela